

REGULAMENTO DE DISCIPLINA DEPORTIVA DA FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLÓN E PENTATLON MODERNO

SECCIÓN 1ª: ORGANIZACIÓN DISCIPLINARIA.

ARTIGO 1.- Ámbito de aplicación.

1.- O presente regulamento ten por obxecto o desenvolvemento da normativa disciplinaria establecida con carácter xeral na Lei 11/1997, do 22 de agosto, Xeral do deporte de Galicia e así como nos Estatutos da FEGATRI.

2.- O ámbito da disciplina deportiva esténdese ás infraccións das regras da competición e ás infraccións das normas xerais deportivas tipificadas na Lei 11/1997, do 22 de agosto, Xeral do deporte de Galicia nas súas disposicións de desenvolvemento, nos Estatutos, Regulamentos e normas para o desenvolvemento da FEGATRI.

3.- As infraccións cometidas con ocasión de competicións de ámbito estatal rexeranse polas normas disciplinarias de ámbito estatal.

4.- O réxime disciplinario deportivo é independente da responsabilidade civil, penal ou de outra natureza, que se rexerá polas súas propias normas.

ARTIGO 2.- Potestade disciplinaria.

1.- A potestade disciplinaria confire os seus titulares lexítimos a facultade de investigar, e no seu caso, sancionar ou corrixir ás persoas ou entidades sometidas á disciplina deportiva segundo as súas respectivas competencias.

2.- A potestade disciplinaria corresponderá:

a) Os xuíces durante o desenvolvemento das probas ou competicións, con suxección ós regulamentos establecidos para cada unha delas.

b) Exerceráse pola FEGATRI sobre tódalas persoas que formen parte da súa propia estrutura orgánica, sobre os clubs, os seus deportistas, técnicos, directivos, organizadores, xuíces e, en xeral, sobre tódalas persoas e entidades que, atopándose federadas, desenvolven a actividade deportiva correspondente no ámbito galego.

3.- O exercicio da potestade disciplinaria deportiva corresponde, en primeira instancia, ó Xuíz Único, e en segunda instancia ó Comité de Apelación.

ARTIGO 3.- Disposicións disciplinarias.

1.- No exercicio das súas funcións, os órganos disciplinarios deportivos da FEGATRI, dentro do establecido para a infracción de que se trate, e no caso de que para a mesma se sinalen máximos e mínimos aplicables, poderá impor a sanción no grado que estimen máis xusto, para o que se tomarán en consideración a natureza dos feitos e a concorrencia ou non de circunstancias agravantes ou atenuantes da responsabilidade.

2.- A FEGATRI contempla dentro de este Regulamento:

- a) Un sistema tipificado de infraccións graduándoas en función da súa gravidade.
- b) Un sistema de sancións, así como as circunstancias que atenúen ou agraven a responsabilidade da persoa infractora e os requisitos da extinción da responsabilidade disciplinaria.
- c) Unhas normas que garantan a inexistencia de unha dobre sanción polos mesmos feitos, a proporcionalidade das sancións, a retroactividade das normas cando resulten favorables á persoa inculpada e a prohibición de sancionar por infraccións non tipificadas con anterioridade ao momento da comisión.

SECCIÓN 2ª: INFRACCIÓNS.

ARTIGO 4.- Clases de infraccións:

1.- As infraccións poden ser moi graves, graves ou leves.

2.- As infraccións poden ser comúns a todos os estamentos ou específicas de cada estamento.

3.- O listado de infraccións pode ser ampliado polos Estatutos e/ou Regulamentos federativos.

ARTIGO 5.- Infraccións comúns moi graves:

1.- Os abusos de autoridade.

2.- O quebrantamento dunha sanción grave imposta.

3.- Os actos notorios e públicos graves que atenten contra a dignidade e decoro deportivos cando revistan unha especial gravidade.

- 4.- As actuacións dirixidas a predeterminar o resultado dunha proba ou competición ou a provocala suspensión.
- 5.- A utilización de axudas e subvencións para fines distintos dos establecidos nas respectivas bases ou acordos de concesión.
- 6.- A alteración sustancial dos datos reais e documentos esixidos para a concesión de axudas e subvencións.
- 7.- A usurpación ilexítima de atribucións e competencias.
- 8.- O incumprimento das obrigas dos membros dos órganos disciplinarios ou electorais.
- 9.- O incumprimento das normas federativas relativas á seguridade e hixiene das instalacións deportivas cando supoñan un risco grave para as persoas asistentes ás mesmas.
- 10.- O incumprimento das normas estatutarias e regulamentarias e dos acordos da FEGATRI.
- 11.- A non execución das resolucións dos órganos disciplinarios da FEGATRI.
- 12.- A non expedición ou retraso, sen causa xustificada das licenzas federativas, sempre que medie mala fe.
- 13.- A deliberada utilización de fondos públicos asignados o desenrolo da actividade deportiva.
- 14.- A alteración, manipulación ou falseamento das licenzas ou calquera outro documento federativo en contradición co manifestado polos deportistas, clubs, xuíces, adestradores, organizadores ou calquera membro integrante da federación ou interesado na súa integración.
- 15.- A organización de actividades ou competicións deportivas oficiais sen a regulamentaria autorización.
- 16.- A agresión, intimidación ou coacción a xuíces, deportistas, técnicos autoridades deportivas, público e outros interviñentes nos eventos deportivos
- 17.- A protesta ou actuación colectiva que impida a celebración dunha competición ou proba que obrigue á suspensión temporal ou definitiva.
- 18.- A promoción, incitación e consumo de sustancias prohibidas ou a utilización de métodos prohibidos e calquera acción ou omisión que impida o seu debido control.
- 19.- A incitación ou indución á realización de calquera das infraccións tipificadas como moi graves.

ARTIGO 6.- Infraccións comúns graves:

- 1.- O quebrantamento dunha sanción imposta por falta leve.
- 2.- A manipulación ou alteración do material ou equipamento deportivo en contra das regras técnicas
- 3.- Os insultos e ofensas a xuíces, técnicos, adestradores, autoridades deportivas, deportistas ou público asistente.
- 4.- O deterioro intencionado ou negligente de locais sociais, instalacións deportivas e outros materiais.
- 5.- O incumprimento reiterado das ordes e instrucións emanadas dos órganos deportivos competentes. En tales órganos atópanse comprendidos os árbitros, xuíces, técnicos, directivos e demais autoridades deportivas.
- 6.- A incitación ou indución á realización de calquera das infraccións tipificadas como graves.
- 7.- A protesta que altere o normal desenvolvemento da competición, sen causar suspensión da mesma.
- 8.- A inactividade ou dexación de funcións dos membros dos órganos disciplinarios ou electorais que non supoñan incumprimento moi grave dos seus deberes.
- 9.- A non tramitación ou expedición, ou retraso, sen causa xustificada das licencias federativas.
- 10.- A realización de actividades propias de xuíces e técnicos sen a debida titulación ou autorización.
- 11.- A organización de actividades, probas ou competicións ca debida denominación de oficiais sen a autorización correspondente.
- 10.- Os actos notorios e públicos graves que atenten contra a dignidade e decoro deportivos e non sexan susceptibles de ser considerados moi graves.
- 11.- O simple incumprimento das normas federativas e reglamentarias e dos acordos da FEGATRI.

ARTIGO 7 .- Infraccións leves comúns.

Considéranse en todo caso infraccións leves as seguintes:

- 1.- A formulación de observacións a xuíces, técnicos, autoridades deportivas, deportistas ou público asistente de maneira que supoña unha incorrección.
- 2.- A adopción dunha actitude pasiva no incumprimento das ordenes e instrucións recibidas de xuíces e demais autoridades deportivas no exercicio das súas funcións.
- 3.- A inactividade ou dexación de funcións dos membros dos órganos disciplinarios ou electorais que supoñan un leve incumprimento.
- 4.- Aquelas condutas claramente contrarias ás normas deportivas que non estean cualificadas de graves ou moi graves.
- 5.- A incitación ou indución á realización de calquera das infraccións tipificadas como leves.
- 6.- O descoido na conservación e coidado dos locais deportivos, instalacións e outros materiais.

A reincidencia. Existirá reincidencia cando o autor fora sancionado anteriormente por calquera infracción á disciplina deportiva de igual gravidade. A reincidencia entenderase producida no transcurso dun ano, contado a partir do momento no que se cometera a infracción.

ARTIGO 8 .- Infraccións específicas por estamentos: moi graves, graves e leves:

A.- Deportistas:

Serán consideradas faltas graves as seguintes:

- 1.- A inxustificada falta de asistencia as convocatorias das seleccións da FEGATRI.
- 2.- A falta inxustificada dos deportistas do centro de tecnificación deportiva a adestramentos e concentracións.
- 3.- A non asistencia dos deportistas ós Campionatos de España ou outras competicións consideradas relevantes por parte do persoal técnico da fegatri.
- 4.- A non asistencia dos deportistas a Campionatos Galegos, Campionatos de España ou outras competicións consideradas relevantes por parte do persoal técnico da fegatri.
- 5.- A asistencia dos deportistas becados no centro de tecnificación deportiva a competicións sen o visto bo dos técnicos responsables da fegatri.
- 6.- A asistencia dos deportistas do centro de tecnificación deportiva a triatlóns ou duatlóns que non se desenrolen Baixo a autorización e normativa da Fegatri ou da Fetri.

7.- O incumprimento da obriga do coidado de todo o material cedido para os adestramentos ou competicións, sen prexuízo da súa reposición ou indemnización dos danos e prexuízos causados, no seu caso.

8.- Roturas intencionadas ou negligentes de instalacións, de material deportivo ou de calquera tipo.

9.- Calquera incumprimento das obrigas e deberes previstos na normativa de réxime interno do Centro de Tecnificación deportiva, aceptada polo deportista.

10.- O retraso reiterado e inxustificado ós adestramentos por parte dos deportistas do centro de tecnificación, será considerado infracción grave.

B.- Xuíces:

1.- Incorrerá en sanción grave o xuíz que suspenda unha competición sen causa xustificada e sen esgotar todos os medios ó seu alcance para conseguir o seu total desenrolo.

2.- Os xuíces que rechazaran sen causa xustificada unha designación para unha actuación incurrirán nunha infracción de carácter grave.

3.- Os xuíces que non asistiran, sen causa xustificada, ás probas e cursos ós que sexa convocado pola Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno incurrirán en falta grave.

C.- Adestradores:

1.- Os adestradores que non asistiran, sen causa xustificada, ás probas e cursos ós que sexan convocados pola Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno, incurrirán en infracción grave.

D.- Clubs:

1.- O club que presente a un deportista indebidamente porque non reúna os requisitos reglamentariamente establecidos para a súa inscrición, a sabendas de esa irregular situación, incorrerá en infracción moi grave. Se a inscrición se producira por negligencia e o club infractor, sempre que o acredítase fundadamente, a infracción, terá a consideración de grave.

E.- Organizadores:

1.- Considerarase infracción moi grave a organización de actividades deportivas que incumpran as normas de seguridade e de cobertura de riscos cando a realización da actividade poida causar riscos graves a terceiros.

2.- Considerarase infracción moi grave o incumprimento do convenio, no seu caso acordado, ca FEGATRI

3.- Considerarase infracción grave o incumprimento das consideracións feitas polo Delegado Técnico na supervisión da proba que afecten o desenrolo da mesma.

4.- Considerarase infracción grave o impago dos canons ou premios pactados ou anunciados.

SECCIÓN 3ª: SANCIONES.

ARTIGO 9.- Graduación:

1.- As sancións previstas neste regulamento graduaranse en atención á debida adecuación entre a gravidade e transcendencia do feito, os antecedentes do infractor e a súa condición de reincidente, o perigo potencial creado ou os danos causados, e o criterio de proporcionalidade.

2. Non terán carácter de sancións as medidas cautelares ou preventivas que poidan acordarse con arranxo a esta norma e conforme establece o artigo da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

ARTIGO 9.- Sancións

1.- Á comisión das infraccións moi graves comúns tipificadas no artigo 5, poderanlle corresponder as seguintes sancións:

- a) Multa de contía comprendida entre 600 € e 1.200 €
- b) Perda de puntos ou postos na clasificación nas competicións en que exista puntuación.
- c) Inhabilitación para cargos na organización deportiva de un a tres anos.
- d) Suspensión ou privación da licenza federativa por prazo de un a tres anos.
- e) Expulsión definitiva da competición.

2.- Á comisión das infraccións graves comúns tipificadas no artigo 6 do presente regulamento corresponderán as seguintes sancións:

- a) Suspensión de licenza por prazo de un mes ata un ano.
- b) Multa de contía comprendida entre 300 € ata 600 €
- c) Inhabilitación para o desempeño de cargos e funcións na organización deportiva por prazo de un mes ata un ano.
- d) Amonestación pública.
- e) Expulsión temporal da competición

3.- Á comisión das infraccións leves tipificadas no artigo 7 do presente regulamento corresponderán as seguintes sancións:

- a) Suspensión de licenza por prazo de ata un mes.
- b) Inhabilitación para o desempeño de cargos e funcións na organización deportiva por prazo de ata un mes.
- c) Multa de ata 300 €.
- d) Amonestación privada.

4.- Á comisión das infraccións tipificadas no artigo 8, do presente regulamento, respecto ás infraccións específicas dos deportistas, poderanlle corresponder as seguintes sancións:

- a) Suspensión de licenza por prazo de ata un ano.
- b) Expulsión definitiva da competición.
- c) Expulsión temporal da competición.
- d) Expulsión definitiva do Centro de tecnificación Deportiva
- e) Expulsión temporal do Centro de tecnificación Deportiva
- f) Perda de puntos ou postos na clasificación nas competicións en que exista puntuación.
- g) Amonestación pública
- h) Amonestación privada.

5.- Á comisión das infraccións tipificadas no artigo 8, do presente regulamento, respecto ás infraccións específicas dos xuíces poderán corresponder as seguintes sancións:

- a) Inhabilitación de ata dous anos.

6.- Á comisión das infraccións tipificadas no artigo 8, do presente regulamento, respecto as infraccións específicas dos clubs poderán corresponder as seguintes sancións:

- a) Perda de puntos ou postos na clasificación
- b) Eliminación da competición
- c) Multa de contía comprendida entre 600 e 1.200 €.
- d) Suspensión de licenza por prazo de ata un ano

7.- Á comisión das infraccións tipificadas no artigo 8, do presente regulamento, respecto ás infraccións específicas dos organizadores poderanlle corresponder as seguintes sancións:

- a) Inhabilitación de ata dous anos para organizar probas.
- b) Multa de contía comprendida entre 600 e 1.200 €.

8.- Á comisión das infraccións tipificadas no artigo 8, do presente regulamento, respecto ás infraccións específicas dos adestradores poderanlle corresponder as seguintes sancións:

- a) Suspensión de licenza por prazo de ata un ano

SECCIÓN 4ª: DISPOSICIONES XERAIS PARA A DETERMINACIÓN E IMPOSICIÓN DE SANCIONES

ARTIGO 10.- 1.- As sancións impostas a través do correspondente expediente disciplinario serán inmediatamente executivas, sen prexuízo das facultades de suspensión cautelar de que dispoñen os órganos federativos, administrativos ou xurisdicionais que deban coñecer dos recursos pertinentes.

2.- Para unha mesma sanción poderán imporse multas de modo simultáneo a calquera outra sanción de distinta natureza, sempre que estean previstas para a categoría da infracción de que se trate e que, en conxunto, resulten congruentes ca gravidade da mesma.

3.- As sancións económicas adecuaranse ás circunstancias concorrentes en cada suposto e a capacidade económica do infractor.

ARTIGO 11 .- Circunstancias modificativas da responsabilidade.

1.- As circunstancias que modifican a responsabilidade poden ser atenuantes ou agravantes.

2.- Considéranse en todo caso circunstancias atenuantes:

- a) O arrepentimento espontáneo.
- b) O non ser sancionado con anterioridade no transcurso da vida deportiva.
- c) O feito de preceder inmediatamente á infracción unha provocación suficiente.

3.- Considéranse en todo caso circunstancias agravantes:

- a) A reincidencia. Existirá reincidencia cando o autor fora sancionado anteriormente por calquera infracción á disciplina deportiva de igual ou maior gravidade ou por dúas infraccións ou máis de inferior gravidade. A reincidencia entenderase producida no transcurso dun ano, contado a partir do momento no que se cometera a infracción.
- b) A intencionalidade.

4.- A apreciación de circunstancias atenuantes e agravantes obrigarán, cando a natureza da posible sanción así o permita, a congruente graduación desta. Con independencia do anterior, para a determinación da sanción que resulte aplicable os órganos disciplinarios

poderán valorar o resto das circunstancias que concorran na infracción, tales como as consecuencias da infracción, a natureza dos feitos ou a concorrencia no inculpado de singulares responsabilidades no orden deportivo.

ARTIGO 12.- Causas de extinción da responsabilidade.

A responsabilidade disciplinaria deportiva extínguese en todo caso:

- a) Por cumprimento da sanción.
- b) Por prescripción da infracción.
- c) Por prescripción da sanción.
- d) Por falecemento do inculpado ou sancionado.
- e) Por extinción da entidade inculpada ou sancionada
- f) Por condonación da sanción.

A perda da condición de federado, aínda cando poida afectar nalgúns casos a efectividade das sancións impostas, non será causa de extinción da responsabilidade disciplinaria.

ARTIGO 13.- Prescripción de infraccións e sancións.

1.- As infraccións prescribirán ós tres anos, ó ano e ó mes, segundo se trate de infraccións moi graves, graves ou leves, comezando a contar o prazo de prescripción o día da comisión da infracción. Nas infraccións derivadas dunha actividade continuada, a data inicial do cómputo será a da finalización da actividade ou a do último acto con que a infracción se consuma.

2.- O prazo de prescripción interromperase no momento en que se notifique a iniciación do procedemento sancionador. Se este procedemento permanece paralizado durante mais dun mes, por causa non imputable á persoa ou entidade responsable suxeita ó devandito procedemento, volverá a correr o prazo de prescripción.

3.- As sancións prescribirán ós tres anos, ó ano e ó mes, segundo se trate de sancións moi graves, graves ou leves, comezando a contar o prazo de prescripción o día seguinte a aquel en que admira firmeza a resolución pola que se impuxo a sanción.

ARTIGO 14.- Imposición de sancións:

Únicamente poñeranse sancións en virtude de expediente instruído ó efecto con arranxo os procedementos regulados nos seguintes artigos.

SECCIÓN 5ª: PROCEDIMENTOS DISCIPLINARIOS:

ARTIGO 15.- Procedementos disciplinarios.

- 1.- A depuración das responsabilidades disciplinarias realizarase a través do procedemento ordinario e do procedemento extraordinario.
- 2.- O procedemento extraordinario baseado nos principios de preferencia e sumariedade, será fundamentalmente aplicable ás infraccións das regras da competición.
- 3.- As actas suscritas polos xuíces da proba ou competición, constituirán medio documental necesario das infraccións as normas e regras deportivas. Igual natureza terán as explicacións ou aclaracións ás mesmas suscritas polos xuíces, ben de oficio ou a solicitude dos órganos disciplinarios deportivos competentes. Non obstante, os feitos relevantes do procedemento e a súa resolución poderán acreditarse por calquera medio de proba, para o cal poderán os interesados propor que se practiquen calquera probas ou aportar directamente sexan do seu interese para a correcta resolución do expediente.
- 4.- Calquera persoa ou entidade que poida ver afectados os seus intereses ou dereitos pola sustanciación dun procedemento disciplinario deportivo, poderá persoarse no mesmo, a cal daráselle desde ese momento a condición de interesado.

ARTIGO 16.- Procedemento ordinario.

- 1.- Este procedemento ordinario, aplicable para a imposición de sancións por infracción das regras da proba ou competición, asegura o normal desenrolo da mesma, así como o trámite de audiencia ós interesados e o dereito ó recurso. Este procedemento, de aplicación nas competicións das especialidades deportivas que rixa a FEGATRI, axustarase no posible ó disposto para o procedemento extraordinario.
- 2.- Existirá infracción das regras da competición durante o curso da mesma, por inobservancia das normas establecidas nos regulamentos oficiais que regulan a organización técnica e deportiva dos distintos campionatos e competicións organizados pola FEGATRI.
- 3.- As infraccións das regras da competición e conseguintes sancións, deberán estar tipificadas no presente regulamento.

ARTIGO 17.- Procedemento extraordinario.

- 1.- O procedemento extraordinario, que tramitará as sancións correspondentes ás normas deportivas xerais, axustarase ós principios e regras da lexislación xeral.
- 2.- O procedemento extraordinario iniciarase por providencia do órgano disciplinario deportivo competente, de oficio, a solicitude de parte interesada ou a requirimento da Administración.

3.- A incoación de oficio poderase producir por iniciativa do propio órgano ou en virtude de denuncia motivada.

A tal efecto, ó ter coñecemento sobre unha suposta infracción das normas deportivas xerais, o órgano disciplinario deportivo competente poderá acordar a instrución dunha información reservada antes de ditar providencia na que se decida a incoación do expediente ou arquivo das actuacións.

A resolución pola que se acorde o arquivo das actuacións deberá expresar as causas que motiven e dispor o pertinente en relación co denunciante se o houbese.

No Rexistro Especial de Sancións anotaranse as que se impoñan ás persoas federadas que incorran en infraccións, as que tamén serán anotadas, ós efectos, entre outros, da posible apreciación de causas modificativas da responsabilidade e do cómputo de prazos de prescrición de infraccións e sancións.

4.- Ó instructor, e no seu caso, ó Secretario, sonlle de aplicación as causas de abstención e recusación previstas na lexislación para o procedemento administrativo común.

O dereito de recusación poderá exercitarse nun prazo de tres días dende o seguinte o que se teña coñecemento da providencia de nomeamento, ante o mesmo órgano que a ditou, que deberá resolver no prazo de tres de días.

Contra as resolucións dos órganos disciplinarios deportivos en materia de abstencións e recusacións non se porá ningún recurso, sen prexuízo de que se poida alegar a recusación ó anterior recurso administrativo ou xudicial, segundo proceda, en cada caso.

5.- Iniciado o procedemento, e con suxeción ó principio de proporcionalidade, o órgano disciplinario deportivo competente para a súa incoación poderá adoptar as medidas provisionais que estime oportunas para asegurar a eficacia da resolución que puidera recaer. A adopción de medidas provisionais poderá producirse en calquera momento do procedemento.

Non se poderán adoptar medidas provisionais que poidan causar prexuízos irreparables.

6.- O instructor ordenará a práctica de cantas dilixencias sexan adecuadas para a determinación e comprobación dos feitos, así coma para a fixación das infraccións susceptibles de sanción.

7.- Os feitos relevantes para o procedemento poderán acreditarse por calquera medio de proba, unha vez que o instructor decida a apertura da fase probatoria, a cal terá unha duración non superior a quince días hábiles, nin inferior a cinco. Os interesados serán informados con suficiente antelación do lugar e o momento da práctica das probas.

Pola súa parte os interesados poderán propoñer, en calquera momento anterior ó inicio da fase probatoria, a práctica de calquera proba ou aportar directamente as que resulten de interese para a adecuada e correcta resolución do expediente.

Contra a denegación expresa ou tácita dunha proba proposta polos interesados, estes poderán plantexar reclamación, no prazo de tres días hábiles, ante o órgano competente para resolver o expediente, quen deberá pronunciarse no termo doutros tres días. En ningún caso, a interposición da reclamación paralizará a tramitación do expediente.

8.- Os órganos disciplinarios deportivos poderán, de oficio ou a instancia do interesado, acordar a acumulación dos expedientes cando se produzan as circunstancias de identidade e analogía suficientes, de carácter subxectivo e obxectivo, que fagan aconsellable a tramitación e resolución únicas. A providencia será comunicada ós interesados nos expedientes.

O instrutor poderá, por causas xustificadas, solicitar, ó órgano disciplinario deportivo competente para resolver, a ampliación do prazo referido.

9.- No prego de cargos, o instrutor presentará unha proposta de resolución, que será notificada ós interesados para que, no prazo de dez días hábiles, manifesten cantas alegacións consideren convenientes en defensa dos seus intereses e dereitos.

No devandito prego de cargos, o instrutor deberá propor o mantemento ou levantamento das medidas provisionais, no caso de que se adoptaran.

A resolución deberá ditarse no prazo máximo de quince días, a contar dende o seguinte o de elevación do expediente polo instrutor.

ARTIGO 18.- Notificacións.

1.- Toda providencia ou resolución que afecte ós interesados no expediente será notificada a aqueles no máis breve prazo posible, co límite de dez días hábiles.

2.- As notificacións practicaranse de acordo cas normas previstas na lexislación do procedemento administrativo común.

3.- Con independencia da notificación persoal, poderase acordar a comunicación pública das resolucións sancionadoras, debendo respetarse en tal caso, o dereito ó honor e á intimidade das persoas, conforme a lexislación vixente.

4.- As providencias e resolucións non producirán efectos para os interesados ata a súa notificación.

ARTIGO 19.- Recursos.

1.- As resolucións disciplinarias en materia de disciplina deportiva, ditadas polo Comité de Apelación da FEGATRI, que esgoten a vía federativa, poderán ser recorridas, no prazo de quince días hábiles, ante o Comité Galego de Disciplina Deportiva.

2.- A interposición do recurso non suspenderá o cumprimento da sanción imposta, salvo que así o acorde, con carácter previo, o órgano competente para resolvelo.

3.- As resolucións do Comité Galego de Disciplina Deportiva esgotan a vía administrativa e executaranse, no seu caso, a través da FEGATRI, que será responsable do seu estrito e efectivo cumprimento.

4.- Se concorreran circunstancias excepcionais no curso da instrución dun expediente disciplinario deportivo, os órganos competentes para resolvelo poderán acordar a ampliación dos prazos previstos hasta un máximo de tempo que non rebase a metade dos mesmos.

5.- Os escritos en que se formalicen reclamacións ou recursos deberán conter:

a.- O nome, apelidos e domicilio a efectos de notificacións da persoa física, e a denominación social e domicilio social dos entes asociativos interesados, con expresión, neste derradeiro caso, do nome e apelidos dos seus representantes e do poder de representación que os acredita como tales.

b.- As alegacións que se estimen pertinentes, as proposicións de proba en relación con aquelas, e os razoamentos e fundamentos xurídicos en que basean as súas pretensións.

c.- As pretensións ou solicitudes que se deduzan das alegacións, razoamentos e normativa.

6.- Para formular recursos ou reclamacións, o prazo contarase a partir do día hábil seguinte o da notificación da resolución ou providencia, se estas foran expresas. Se non foran expresas, o prazo será de quince días hábiles a contar desde o seguinte o que debían entenderse desestimadas as peticións, reclamacións ou recursos. A desestimación tácita dunha petición ou reclamación plantexada ante os órganos disciplinarios deportivos entenderase producida polo transcurso do tempo de dous meses dende o seu plantexamento, sen que se producira resolución expresa.

7.- A resolución dun recurso confirmará, modificará ou revocará a decisión recorrida, sen que en caso de modificación poida derivarse maior prexuízo para o interesado, cando este sexa o único recorrente.

8.- Se o órgano disciplinario deportivo competente para resolver estimase a existencia de vicio formal, poderá ordenar a retroacción do procedemento ata o momento no que se produciu a irregularidade, con indicación expresa da fórmula para resolvela.

9.- A resolución expresa dos recursos deberá producirse nun prazo non superior a trinta días. En todo caso, e sen que elo supoña a exención do deber de ditar resolución expresa, transcorridos trinta días hábiles sen que se dite e notifique a resolución do recurso interposto, entenderase que este foi desestimado, momento no que quedará expedita a vía procedente.

ARTIGO 20.- Concorrenza de responsabilidades disciplinarias e penais.

1.- Os órganos disciplinarios deportivos deberán, de oficio ou a instancia de parte, comunicar o Ministerio Fiscal aqueles feitos que ponderan revestir carácter de delito ou falta penal. Neste caso, os órganos disciplinarios deportivos acordarán a suspensión do procedemento ata que recaia a correspondente resolución xudicial.

2.- Non obstante o anterior, os órganos disciplinarios deportivos poderán acordar as medidas cautelares pertinentes.

ARTIGO 21.- concorrenza de responsabilidades disciplinarias e administrativas.

1.- No suposto de que un mesmo feito puidera dar lugar a responsabilidades administrativas e a responsabilidades disciplinarias deportivas, os órganos disciplinarios deportivos deberán, de oficio ou a instancia de parte, comunicalo ó órgano

administrativo competente, todo elo sen prexuízo da tramitación do procedemento disciplinario correspondente.

2.- Cando os órganos disciplinarios deportivos tiveran coñecemento de feitos que puideran dar lugar exclusivamente a responsabilidades administrativas, darán traslado dos antecedentes ós órganos administrativos competentes.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA.

Quedan derogadas e sen valor ningún cantas disposicións regramentarias ou de calquera tipo se opoñan ó disposto no presente regulamento.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

O presente regulamento de Disciplina Deportiva da FEGATRI entrará en vigor tras a súa aprobación pola Asemblea Xeral da FEGATRI.